

TEMA 5. EXPANSIÓN COLONIAL E IMPERIALISMO.

INTRODUCCIÓN: OS CONCEPTOS DE IMPERIO, COLONIA E COLONIALISMO

Os termos colonialismo e imperialismo poden ser intercambiabes para moitos historiadores, pero hai entre eles certas diferencias. O termo **colonialismo, implica o feito de apoderarse dun territorio**, pero tamén a doutrina que o xustifica; **a colonia sería pois o territorio conquistado; o imperialismo, en cambio, pode ser simplemente un dominio económico ou cultural** (a través do control dos mercados comerciais e financeiros, ou pola súa superioridade tecnolóxica), **sen necesidade de conquistar un territorio**.

O conxunto de colonias dun país, forma o que chamamos imperio colonial, e poden ser de diferentes tipos:

- Colonias de Poboamento: as que reciben elevados continxentes de poboación procedentes do país conquistador (metrópole), impondo as súas formas de vida e de cultura (Canadá, Australia, Sudáfrica).
- Colonias de Explotación: as que teñen interese polas súas riquezas naturais e son explotadas directamente pola metrópole ou a través de particulares (empresas coloniais), pero polas súas condicións naturais adversas non atraen moita poboación da metrópole (Africa tropical, Sur de Asia).
- Colonias Estratéxicas: as situadas en puntos vitais de apoio nas rutas comerciais (Exipto, Panamá, Malta, Hong-Kong).
- Protectorados: territorios sometidos ó dominio colonial dun país, pero que conservan un goberno e administración indíxena propias e autónomas.

A etapa colonial que vai de 1870 a 1914, caracterízase por ser a maior expansión territorial da historia, ocupando as principais potencias capitalistas europeas (sobre todo Gran Bretaña e Francia) , **xunto a EEUU e Xapón, a maior parte do mundo** (Africa, Asia e Oceanía). A intensidade e a rapidez deste proceso de dominación colonial por parte dun reducido número de Estados moi numerosos sobre a totalidade do mundo, **coñecese como a era do Gran Capitalismo ou Imperialismo**.

IMPERIALISMO E DESENVOLVEMENTO CAPITALISTA

A partir de 1870, asistimos a unha enorme expansión territorial dalgunhas potencias europeas, o que orixina unha ocupación dos continentes africano e asiático, que pasan dun 10% a un 90 % de ocupación, nun período de 30 anos. Esta expansión se debe a unha serie de causas diversas:

- Causas Económicas: o colonialismo é unha necesidade para os países industrializados, xa que **obteñen das colonias, materias primas baratas coas que abastecer a súa industria** (algodón, cobre, caucho, estaño, petróleo, ouro), **ou alimentar a súa poboación** (azucres, té, café, cacao, platanos...), **invisten nelas os excedentes de capital e lles venden as súas manufacturas** (mercados consumidores). A competencia entre os diferentes Estados europeos levou ó **establecemento de barreiras proteccionistas fronte ós Estados estranxeiros e a búsqueda de novos mercados protexidos** (imperios coloniais).

As comunicacións tiveron enorme importancia neste proceso, por iso as metrópoles ocuparon puntos estratéxicos, situados nas principais rutas comerciais (Canle de Suez, Panamá).

- **Causas Político-Ideolóxicas**: outros factores que impulsan o proceso colonizador son **a grandeza da nación (patriotismo) e a labor civilizadora dos pobos**. **O militarismo, o prestixio internacional e as rivalidades políticas entre os Estados europeos**, levaron a idea de que unha gran potencia debía estar presente en todos os puntos do globo, o que **levou a unha carreira entre os diferentes Estados pola ocupación do territorio**. **A idea da misión civilizadora, e da superioridade do home branco**, ven determinada polas teorías racistas, baseadas no progreso tecnolóxico e económico dos occidentais que **deben de sacar do atraso e da barbarie ás poboacións indíxenas, imponéndolles a súa cultura, economía e o seu sistema socio-político**.
- **Causas Demográfico-Sociais**: as melloras na alimentación e na medicina provocadas pola revolución agrícola e industrial a finais do s.XVIII, levaron a **un incremento da poboación en Europa e a unhas presións demográficas que obrigaron a moitos europeos a emigrar ó longo do s.XIX**, sobre todo na década de 1870-80 (50 millóns), constituindo unha válvula de escape para as tensións sociais (desemprego, folgas). Moitos deles emigraron a América ou as colonias africanas ou asiáticas, destacando as situadas en zonas temperadas (Canadá, Australia, Alxeria, Sudáfrica...).

Outros motivos da colonización foron o **espírito de aventura e os descubrimentos científicos** dos exploradores, **a actividade relixiosa ou evanxelizadora dos misioneiros** ou a superioridade técnica e armamentística dos pobos colonizadores.

O REPARTO DO MUNDO

Na expansión colonial de finais do s.XIX, hai unha certa continuidade co proceso colonial anterior (S. XVI-XVIII), que levou ó descubrimento de América por parte de España e Portugal, e a colonización posterior por parte de franceses, ingleses e holandeses.

A principios do s.XIX, o Imperio español e portugués estaban en decadencia, trala independencia das colonias americanas **o que levou a súa substitución por outras potencias europeas que se expanden por Asia, como os holandeses en Indonesia, ou os franceses en Indochina e no Norte de Africa**, poñendo así as bases dun novo Imperio colonial.

Gran Bretaña seguiu dominando os mares e adquiriu novos territorios en Africa (O Cabo) e Asia (India, Hong-Kong, Singapur) e Oceanía (Australia e Nova Celandia), controlando ademais o comercio coas novas nacións latinoamericanas recentemente independizadas.

Rusia expandiuse por Siberia, Extremo Oriente, Asia Central e o Cáucaso, mentras que EEUU, iniciou a colonización do Oeste e de México, chegando dende o Atlántico ó Pacífico.

A partir da década de 1870, incrementábase as viaxes de exploración, sobre todo ó descoñecido continente africano (Livingstone, Stanley), e aumentan o número de nacións desexosas de facerse con máis territorios (Bélxica, Alemaña, Italia, EEUU, Xapón).

Os conflitos entre as potencias coloniais pola disputa deses territorios levaron a **creación da Conferencia de Berlín en 1885**, onde se tomaron as seguintes decisións:

- **A navegación polos grandes ríos (Níxer, Congo), sería libre para o comercio de todos os Estados**, asignando o territorio do Congo o rei belga Leopoldo II, promotor da súa colonización.
- **O dereito de colonización das zonas interiores viña dado polo dereito de conquista das súas costas, tras unha ocupación efectiva** (establecemento de colonos e tropas militares).

Estos principios levaron a unha tola carreira entre as potencias colonialistas para conquistar o maior número de territorios posibles, sendo repartidos e ocupados en menos de tres décadas o continente africano, asiático e Oceanía.

A maioría dos cidadáns europeos, xaponeses e norteamericanos apoiaron o proceso de colonización, pero apareceron voces discrepantes que rexeitaron ou se opuxeron con escaso éxito a dito proceso, **como os marxistas representados na 2ª Internacional obreira, que identificaban colonialismo é capitalismo** (explotación da clase traballadora indíxena).

1) O Imperio Británico. - Está formado por territorios repartidos por todo o mundo. **Foi o Imperio máis grande** (a cuarta parte da poboación mundial en 1914).

A súa colonia máis importante era a India (a “xoiá da Coroa”), **centro abastecedor de materias primas** (algodón, té) e **principal mercado consumidor**. Incluía os actuais territorios de Birmania e Pakistán. **En 1877, a raíña Victoria foi proclamada emperatriz da India**.

En Africa, os ingleses tentaron conseguir a unión continua dos seus territorios de Norte a Sur (O Cairo-O Cabo), por iso dominaron a parte oriental do continente.

Crearon os chamados dominios ou colonias de poboamento, zonas de ultramar onde se instalaram moitos colonos europeos, cunha ampla autonomía de goberno e unhas institucións semellantes as da metrópole (parlamentos, partidos políticos), destacando Canadá, Nova Celandia, Sudáfrica, e Australia.

2) O Imperio Francés. - **Francia creou o segundo imperio colonial do mundo**. Non tiveron grandes territorios como a India, Canadá e Australia, e **a súa expansión orientouse principalmente ó control da Africa mediterránea**, sobre todo Alxeria, **ás comunicacións con Asia e o Indico** (Madagascar) e **ó dominio do Extremo Oriente Asiático**, destacando Indochina.

3) Alemaña. - Máis interesado polos asuntos da Europa Central e Oriental que pola carreira colonial, **o imperio alemán foi moi disperso e reducido, destacando catro territorios na Africa central e do sur e numerosas illas no Pacífico**. **O seu principal promotor foi o emperador Guillerme II**, xa que o chanceler Bismarck non era moi partidario da aventura colonial.

4) Bélxica. - **Os intereses belgas centráronse na zona do Congo**, rico territorio con moitos recursos mineiros (ouro), **por iniciativa persoal do seu rei Leopoldo II**, que o acabou cedendo ó Estado belga en 1890.

5) Rusia.- **Os intereses rusos orientáronse ós estreitos do Bósforo e Mar Negro para buscar unha saída ó mar Mediterráneo**, enfrontándose ós imperios austro-húngaro e turco.

Tamén se expandiron hacia o Leste de Asia e Extremo Oriente (Siberia, Asia Central, Pacífico), entrando en conflito con China, Xapón e Gran Bretaña.

6) Italia.- Orientou a súa **expansión ó Mediterráneo, sobre todo ó Norte e ó Leste de Africa** (Libia, Somalia e Eritrea), non podendo conquistar Abisinia ata 1936.

7) Holanda, Portugal, España.- **Os vellos imperios coloniais tentaron manter as súas antigas posesións**, Holanda retivo Indonesia, Portugal, Angola e Mozambique, e España, as illas do Caribe (Cuba, Porto Rico), Filipinas, que perdeu en 1898 fronte a EEUU, e Guinea.

8) Estados Unidos e Xapón.- **Os intereses de EEUU centráronse no Caribe e Pacífico**, chocando cos de España, mentres que **Xapón, buscou a expansión hacia China e as illas do Pacífico**, enfrontándose a Rusia.

AS CONSECUENCIAS DA COLONIZACIÓN

As consecuencias da colonización foron **positivas para as metrópolis que aumentaron a súa produción e melloraron o seu comercio** (novos mercados e materias primas).

En cambio **para os indíxenas, os resultados deste proceso colonizador son máis ben negativos, rompéndose as estruturas tribais, perdendo a súa cultura e identidade** (racismo, imposición da cultura occidental) e sendo discriminados e **sometidos a unha brutal explotación económica** que provocou unha gran mortandade.

A POLÍTICA IMPERIALISTA DOS ESTADOS UNIDOS E XAPÓN

Nas últimas décadas do s.XIX, xunto ós países europeos, aparecen dúas novas potencias colonialistas que compiten polo dominio económico do mundo, EEUU e Xapón.

Estados Unidos.- É unha nación formada a partir da independencia de 1776, e que se expandiu no s.XIX sobre os enormes espazos baleiros do oeste.

A Doutrina Monroe, formulada polo goberno norteamericano a principios do s.XIX, resúmese nunha frase "*América para os americanos*", na que se declara a **defensa dos novos estados independentes ante unha posible intervención europea**, para evitar un novo proceso de colonización.

O Destino Manifesto, é unha doutrina que defende a misión providencial do pobo americano de unir o Atlántico e o Pacífico, proceso favorecido pola masiva chegada de emigrantes europeos, **conquistando zonas de México tras unha guerra en 1848** (Texas, Arizona, Nevada, California), **ou mercándolle territorios a Francia** (Louisiana, 1803) e a España (Florida, 1819) e a Gran Bretaña (Oregón, 1846).

Trala Guerra de Secesión (1861-65), continuou a expansión hacia o Norte, coa compra de Alaska a Rusia en 1867, e a **anexión de illas no Pacífico** como Hawai. **En 1898, tras derrotar a España, controlaron as illas do Caribe** (Cuba e anexión de Porto Rico) e **dominaron Filipinas**.

O Corolario Roosevelt á Doutrina Monroe (“Big Stick” ou diplomacia do Gran Garrote), foi o preámbulo da creación dunha gran potencia mundial, e o inicio da intervención de EEUU nos asuntos doutros países en defensa dos seus intereses económicos e políticos (inxerencia nas novas repúblicas centroamericanas e sudamericanas), a través do dominio dos mares, mediante a creación dunha potente mariña de guerra e a **ocupación de bases navais en puntos comerciais estratéxicos** (Caribe, canle de Panamá).

En 1903, **recoñecen a independencia de Cuba a cambio do control da base naval de Guantánamo e o dereito de intervención da illa** (emenda Platt); **facilitan a independencia de Panamá de Colombia a cambio do arrendamento perpetuo da zona do canal**; e nos anos seguintes (1905-15), interveñen militarmente no Caribe en defensa dos intereses económicos das súas empresas.

O imperialismo norteamericano pois, non supón a anexión de territorios foráneos, como o europeo, senón o control económico deses países, facendo de EEUU a maior potencia mundial despois de 1914.

Xapón.- A última década do XIX, supuxo para Xapón, un cambio enorme polas **profundas transformacións sufridas a partir da Revolución Meiji, iniciada en 1868, convertíndose nunha nova potencia imperialista.**

A Revolución Meiji, rematou co período feudal do Shogunato, iniciado en 1610, polos emperadores Tokugawa, **nas que Xapón estivo illado do mundo**, ata que no 1853, EEUU obrigounos a abrir os portos do país ó comercio occidental. **En 1868**, co apoio dos sectores modernizadores, **o emperador consegue someter ós señores feudais iniciando unha nova e rápida etapa de renovación económica e social, baseada na industrialización** para situarse ó nivel dos países occidentais.

Xapón convertiuse así nunha potencia industrial e económica, contratando numerosos técnicos estranxeiros para aprender os derradeiros adiantos tecnolóxicos, industriais e científicos, pero **ademáis o Período Meiji, supuxo a occidentalización da sociedade**, (en canto as modas, vestimenta, alimentación....), **e a alfabetización do país, suprimindo as diferencias e privilexios sociais** (como os dos guerreiros de elite, ou “*samurais*”).

Os cambios políticos se centraron na imitación do modelo liberal, pasando de ser unha Monarquía feudal a unha Monarquía Constitucional, pero onde o emperador tiña moito poder, combinando o seu carácter sagrado e poder absoluto cos dereitos dos cidadáns. **A Constitución de 1889, era unha especie de Carta Outorgada**, ou concesión do emperador ó seu pobo.

A necesidade de Xapón de materias primas e mercados para a súa industria, levou o seu goberno a unha **política de expansión colonial, iniciando a creación dun imperio asiático** coa conquista das illas Curiles (1875), e **enfrentándose a China polo dominio de Corea nunha guerra (1894-5)**, na que tras derrotala se quedou coa illa de Formosa e obrigou a China a recoñecer a independencia coreana.

Tralo seu avance en Asia, **as potencias imperialistas opóñense ó intento xaponés de dominar China, provocando un conflito con Rusia, a guerra ruso-xaponesa (1904-5)**, na que a vitoria

nipona obrigou a Rusia a ceder a illa de Sajalín, as minas e a explotación do ferrocarril de Manchuria. Ademais logrou tamén o recoñecemento internacional dos dereitos sobre Corea.